

Meigas fóra!

 XERAIS



XERAIS



Título: Meigas fóra!
Autor: Ramón D. Veiga
Editorial: Xerais
Colección: Merlín
Nº páxinas: 64
ISBN: 978-84-9121-675-9

O autor

Ramón D. Veiga (Ferrol, 1970). Licenciado en Filoloxía Hispánica pola Universidade da Coruña, traballa desde o ano 1996 no eido da edición, que compaxina coa colaboración en diferentes blogs. Ten publicados os álbums *Violeta quiere ser vampiro. Un conto do Samain* (Xerais, 2017), *É tempo de Entroido!* (Xerais, 2018) e *A araña que lles tiña medo ás arañas* (Xerais, 2019). No ano 2020 publica na colección Merlín de Xerais *Meigas fóra!* e mais o conto en liña *#EuQuedoNaCasa* (https://issuu.com/edicionsxeraisdeg Galicia/docs/euquedonacasa_20pp), que resume a situación que se vive nas casas onde hai nen@s durante os días de confinamento provocados pola COVID-19.



O ilustrador

Iván R. (Nigrán, 1980). Logo de traballar como ilustrador para editoriais, cine, prensa, televisión e publicidade durante quince anos, descubriu no soporte téxtil unha nova linguaxe que o levou a mergullarse tamén no mundo da moda. Actualmente traballa como profesor de ilustración e deseño nunha escola de moda que compaxina co traballo no seu estudio. Entre os seus títulos publicados están *Etiqueta para todos* (Xerais, 2009), *Estamos no verán* (2014), *Teatro de guiñol* (2016), *Cociñando con Bolboretas no bandullo* (Xerais, 2018), *A araña que lles tiña medo ás arañas* (Xerais, 2019), *Meigas fóra!* (Xerais, 2020) e o conto en liña *#EuQuedoNaCasa* (https://issuu.com/edicionsxeraisdeg Galicia/docs/euquedonacasa_20pp), que resume a situación que se vive nas casas onde hai nen@s durante os días de confinamento provocados pola COVID-19.



Resumo argumental

Leira e Beira son dúas vilas enfrontadas, sobre todo pola vontade dos seus respectivos alcaldes de encerrar. Para a noite de San Xoán, ambas compiten en facer a mellor fogueira, unha fará a máis longa, a outra a máis ancha, pero o lume descontrolarase e causará males de difícil arranxo. Polo que a poboación dos dous lugares deciden abandonalos e fundar unha nova vila, na que poidan vivir baixo novas regras menos competitivas e máis cooperativas. Esa nova vila chamarase Feira.

Temas e valores

A política como división absurda

O libro critica certos xeitos de facer política baseados na demagogia e nas divisións sen fundamento.

O poder do pobo

Os habitantes de Leira e Beira autoorganízanse e deciden inciar unha nova relación entre eles sobre novas bases, desoíndo aos seus líderes.

A tradición do San Xoán

A celebración do San Xoán, coas cacharelas e as herbas, actúa como pano de fondo da historia.

Actividades

Antes da lectura


- Imaxinar o argumento partindo do título «Meigas fóra!».
- Leron algún outro libro do autor? Cal foi o último libro que leron?

Despois da lectura

- Propor un título alternativo tendo en conta o argumento do libro.
- Comentar na clase as distintas experiencias do alumnado coa celebración do San Xoán.

Ficha a1 (antes da lectura)

1. Debuxa unha portada alternativa tendo en conta o título da novela.



2. Sobre que tema che gustaría que houbera un libro? Por que?

Ficha d1 (despois da lectura)

1. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras.

Melindre (p. 8)

Pasteurizar (p. 11)

Fachendear (p. 19)

Luminaria (p. 20)

2. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible de palabras da pregunta anterior.

3. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras.

Broa (p. 20)

Prebe (p. 20)

Escorrentar (p. 22)

Véspera (p. 25)

4. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible de palabras da pregunta anterior.

5. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras.

Intemperie (p.25)

Feitiño (p. 27)

Paifoco (p. 29)

Cacharela (p. 30)

3. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras.

Gamela (p. 30)

Rexedor (p. 32)

Alfinete (p. 34)

Lapa (p. 36)

4. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible de palabras da pregunta anterior.

5. Con que doces convidaban os concellos de Leira e Beira á veciñanza na súa competición?

6. Como se chaman o alcalde e a alcaldesa de Leira e Beira?

Ficha d3 (despois da lectura)

1. Que males causa o lume das fogueiras de Leira e Beira?

2. Investiga sobre a celebración do San Xoán en Galicia. En que dous lugares urbanos do norte e do sur se fan grandes fogueiras na praia?



Pedidos a

Comercial Grupo Anaya
Polígono Pocomaco
Avenida 3 Edificio Diana
Nave 4 Baixo • 15190 A Coruña
Tel.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647

XERAIS

Doutor Marañón, 12 • 36211 Vigo
Tels.: 986 214 888 / 986 214 880
Fax: 986 201 366
xerais@xerais.gal
www.xerais.gal

